

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11428** *Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.*

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, dispón que os servizos de prevención terán carácter interdisciplinario e que deberán estar en condicións de proporcionar á empresa as actuacións sanitarias que se requiran en relación cos riscos derivados do traballo; conforme o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención de riscos laborais, esta actividade sanitaria deberá prestarse a través da especialidade de medicina do traballo, da que deben dispor os servizos de prevención.

A actividade sanitaria dos servizos de prevención inclúe, entre outras e como principal actividade, a vixilancia da saúde, que mediante procedementos adecuadamente validados ten como obxectivo detectar sistemática e regularmente os síntomas e signos precoces dos danos derivados do traballo, detectar as situacións de risco, así como propor as medidas preventivas necesarias. A vixilancia da saúde debe estar integrada, por tanto, na planificación da actividade preventiva da empresa.

De acordo coa Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2007-2012, a relación entre recursos preventivos propios e alleos nas empresas, a calidade das actividades preventivas, a formación de profesionais e traballadores, son cuestións que poden e deben mellorarse. Debe facerse realidade o principio de interdisciplinariedade que a lei establece para os servizos de prevención e debe prestarse maior atención á vixilancia da saúde colectiva, sen prexuízo da vixilancia individual.

As competencias das administracións sanitarias en saúde laboral están establecidas na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, no capítulo IV do título I, e no artigo 10 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, destacando entre as súas funcións o establecemento de medios adecuados para a avaliación e control das actuacións de carácter sanitario que realicen nas empresas os servizos de prevención actuantes, e a implantación de sistemas de información adecuados, así como a realización de estudos epidemiolóxicos para a identificación e prevención das enfermidades que poidan afectar a saúde dos traballadores.

A Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, no seu artigo 27.3, establece que, mediante real decreto, se determinarán con carácter básico as garantías mínimas de seguridade e calidade que, acordadas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, deberán ser exixidas para a regulación e autorización polas comunidade autónomas na apertura e no funcionamento nos seus respectivos ámbitos territoriais dos centros, servizos e establecementos sanitarios.

En desenvolvemento das previsións contidas na citada lei, mediante o Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, regúlase unha nova clasificación, denominación e definición común deles para todas as comunidades autónomas. Neste sentido, no seu anexo II defínense e recóllense expresamente os denominados servizos ou unidades preventivo-asistenciais de medicina do traballo.

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece no seu artigo 31.5 que, para poderen actuar como servizos de prevención, as entidades especializadas deberán ser obxecto de acreditación pola Administración laboral, mediante a comprobación de que reúnen os requisitos que se establezan regulamentariamente e logo de aprobación da Administración sanitaria en canto aos aspectos de carácter sanitario.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que

se modifican o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención; o Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción, estableceu que os ministerios de Sanidade, Política Social e Igualdade e Traballo e Inmigración, aprobarían conxuntamente un real decreto que contivese o marco xurídico do acordo de criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención, unha vez acordado polas autoridades sanitarias no marco do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O seu obxectivo é o de establecer os requisitos técnicos e os recursos humanos e materiais que se exixirán aos servizos sanitarios dos servizos de prevención de riscos laborais para a súa autorización e para o mantemento dos estándares de calidade no seu funcionamento.

Este real decreto dítase de conformidade co disposto na devandita disposición derradeira primeira do Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, e na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, as sociedades científicas da medicina e a enfermaría do traballo, da epidemioloxía e a saúde pública e o Consello de Consumidores e Usuarios; emitiu o seu informe preceptivo a Axencia Española de Protección de Datos; foi oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo; e foi sometido a informe do Comité Consultivo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade, Política Social e Igualdade, e de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xuño de 2011,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer os requisitos técnicos e as condicións mínimas exixidas aos servizos sanitarios dos servizos de prevención de riscos laborais para a súa autorización e para o mantemento dos estándares de calidade no seu funcionamento.

2. Será de aplicación á actividade sanitaria tanto dos servizos de prevención de riscos laborais alleos coma das empresas que asumisen a dita actividade sanitaria con recursos propios e/ou mancomunados.

3. Para os efectos previstos nesta norma, entenderase por servizo sanitario dos servizos de prevención de riscos laborais a unidade preventivo-asistencial que, baixo responsabilidade dun especialista en medicina do traballo ou diplomado en medicina de empresa, desenvolve as funcións de vixilancia da saúde dos traballadores reguladas na Lei de prevención de riscos laborais e a súa normativa de desenvolvemento.

##### Artigo 2. *Autorización sanitaria.*

1. O réxime xurídico aplicable e o procedemento que se deberá seguir para a obtención das preceptivas autorizacións sanitarias serán os establecidos no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, de bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, e dos desenvolvementos normativos establecidos en cada comunidade autónoma.

2. Os servizos sanitarios dos servizos de prevención alleos e dos servizos de prevención propios que inclúan actividade sanitaria deberán ser obxecto de aprobación e rexistro pola Administración sanitaria, para cuxo fin deberán solicitar e obter, con carácter previo ao inicio da súa actividade, a correspondente autorización administrativa por parte da autoridade sanitaria competente.

3. No caso dos servizos de prevención alleos, a autorización sanitaria prevista no número anterior correspóndese coa aprobación sanitaria recollida no marco do procedemento regulado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, respecto á acreditación e o mantemento dos requisitos de funcionamento das entidades especializadas que pretendan actuar como servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, os centros sanitarios dos servizos de prevención formarán de oficio parte do Rexistro xeral de centros, servizos e establecementos sanitarios. Así mesmo, e se for o caso, inscribíranse nos rexistros de centros sanitarios autonómicos que corresponda.

### Artigo 3. *Actividades sanitarias dos servizos de prevención.*

1. A actividade que desenvolverán os servizos sanitarios dos servizos de prevención de riscos laborais incluirá:

a) Desenvolver todas aquelas funcións específicas recollidas no número 3 do artigo 37 do Regulamento dos servizos de prevención.

b) Estudar, cando se teña coñecemento diso, as enfermidades susceptibles de estar relacionadas co traballo, para os únicos efectos de poder identificar calquera relación entre as causas de enfermidade e os riscos para a saúde que poidan presentarse nos lugares de traballo.

c) Comunicar as enfermidades que poderían ser cualificadas como profesionais, tal e como establece o artigo 5 do Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro, a través do organismo competente de cada comunidade autónoma ou das cidades con estatuto de autonomía.

d) Proporcionar a asistencia de primeiros auxilios e a atención de urxencia aos traballadores que o necesiten, nos casos de presenza física dos profesionais sanitarios no lugar de traballo.

e) Impulsar programas de promoción da saúde no lugar de traballo, en coordinación co Sistema Nacional de Saúde.

f) Desenvolver programas de formación, información e investigación no seu ámbito de traballo.

g) Efectuar sistematicamente e de forma continua a vixilancia colectiva da saúde dos traballadores, en función dos riscos a que están expostos, elaborando e dispoñendo de indicadores da dita actividade.

h) Participar nas actuacións non especificamente sanitarias que o servizo de prevención realice en desenvolvemento das funcións que ten atribuídas conforme o número 3 do artigo 31 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, para os efectos de asegurar o carácter interdisciplinario das devanditas actuacións, de acordo co establecido no número 4 do citado artigo.

i) Colaborar co Sistema Nacional de Saúde, tal e como establece o artigo 38 do Regulamento dos servizos de prevención.

j) Colaborar coas autoridades sanitarias nos labores de vixilancia epidemiolóxica, provisión e mantemento do Sistema de Información Sanitaria en Saúde Laboral, segundo se establece no artigo 39 do Regulamento dos servizos de prevención.

k) Participar en calquera outra función que a autoridade sanitaria lles atribúa no marco da colaboración prevista nos artigos 38 e 39 do Regulamento dos servizos de prevención.

2. De acordo co sinalado no artigo 37.3.d) do Regulamento dos servizos de prevención, o persoal sanitario do servizo de prevención deberá coñecer as enfermidades que se produzan entre os traballadores e as ausencias do traballo por motivos de saúde,

para os únicos efectos de poder identificar calquera relación entre a causa de enfermidade ou de ausencia e os riscos para a saúde que poidan presentarse nos lugares de traballo.

3. Con carácter xeral, e sen prexuízo do previsto no número 1, letras j) e k) deste artigo, non se incluírán entre as actividades sanitarias desenvolvidas polos servizos sanitarios dos servizos de prevención a realización de exploracións e probas non relacionadas cos riscos laborais específicos das tarefas asignadas aos traballadores ou con riscos inespecíficos que poidan dar lugar a agravar patoloxías previas. En todo caso, toda proba ou exploración deberá ir acompañada da mención explícita do risco ou problema de saúde asociado á actividade laboral que se pretende examinar, sen que isto supoña detrimento da autonomía técnica e científica dos profesionais sanitarios nin da súa facultade para a realización de probas ou exploracións que consideren relevantes segundo criterio médico. Non obstante, o servizo de prevención poderá realizar programas preventivos non relacionados directamente con riscos laborais cando estes sexan acordados na negociación colectiva. O tempo dedicado a estas actividades deberá contabilizarse de xeito diferenciado ao do resto das actividades do servizo sanitario do servizo de prevención, non computando para os efectos das ratios consideradas no artigo 4.

#### Artigo 4. *Recursos humanos.*

1. O servizo sanitario do servizo de prevención debe contar cun director técnico, co título de especialista en medicina do traballo.

2. O persoal sanitario debe contar coa cualificación necesaria para o desempeño das súas competencias profesionais: os médicos deberán ser especialistas en medicina do traballo ou diplomados en medicina de empresa; os enfermeiros deberán ser especialistas en enfermaría do traballo ou diplomados en enfermaría de empresa. Poderán participar no servizo sanitario outros médicos ou enfermeiros especialistas en posesión do título oficial, en función da capacitación asociada á súa especialidade ou disciplina, cuxo tempo de traballo contará para os efectos de dotación de recursos dos servizos sanitarios do servizo de prevención.

3. O número de profesionais sanitarios e o seu horario serán adecuados á poboación que se pretende vixiar, aos riscos existentes e ás funcións que vaian desenvolver. Considérase unha unidade básica sanitaria (UBS) a constituída por un médico do traballo ou de empresa e un enfermeiro de empresa ou do traballo, a xornada completa. A dotación mínima de profesionais sanitarios será a seguinte:

a) Con carácter xeral, ata dous mil traballadores, unha UBS. En función das características xeográficas, do tipo de empresas que atendan, dos riscos existentes nestas e das características dos seus traballadores, así como doutras consideracións que se coiden oportunas, a autoridade sanitaria poderá adaptar no seu ámbito territorial esta UBS.

b) A partir de dous mil traballadores, terase en conta a maior eficacia do traballo en equipo, para o cal se utilizará o criterio horas/traballador/ano para dimensionar a área sanitaria dos servizos de prevención tomando como referencia a progresión que se achega no anexo I.

c) Cando o persoal sanitario do servizo de prevención teña baixo a súa atención poboación pertencente a diferentes empresas concertadas, debido á complexidade que supón a realización das actividades de vixilancia colectiva da saúde en múltiples empresas (e aos seus respectivos traballadores), pertencentes a diferentes sectores produtivos e con diferentes estruturas e problemáticas, aplicarase o factor corrector á alza no número de horas/traballador/ano, segundo o número de empresas asignadas ao servizo de prevención, que se achega no anexo II.

d) A distribución do tempo de traballo do persoal médico e de enfermaría, tendo presentes as competencias profesionais de cada un, poderá diferir en maior ou menor medida segundo a carga de traballo e as peculiaridades de cada servizo sanitario e dos centros de traballo e traballadores ao seu cargo, respectando no seu conxunto o tempo establecido.

e) Para constituír un servizo sanitario dun servizo de prevención propio, sempre e cando non se supere a previsión de dous mil traballadores, poderán aceptarse horarios de dedicación do servizo inferiores á xornada completa, en función do número de traballadores e dos riscos das empresas, establecendo como mínimo a metade da xornada laboral.

f) O tempo dedicado polos servizos sanitarios dos servizos de prevención á vixilancia colectiva da saúde dos traballadores establecerase en función dos riscos a que estean expostos e, como regra xeral, non deberá ser inferior a un terzo do tempo de traballo.

4. Non poderán simultanear no mesmo horario actividades noutros servizos públicos ou privados, sendo, se for o caso, de aplicación a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

5. Todo servizo de prevención deberá manter as condicións de acreditación con que se autorizou a realización da actividade sanitaria. Os servizos de prevención propios deberán notificar á autoridade sanitaria calquera modificación no equipo de persoal sanitario, así como no número de empresas e traballadores a que realicen a vixilancia da saúde. Os servizos de prevención alleos cumprirán a obriga de notificar as ditas variacións conforme o previsto nos artigos 26.1 e 28.2.b) do Regulamento dos servizos de prevención.

6. Nos servizos de prevención de riscos laborais acreditados para a formación de médicos especialistas en medicina do traballo e/ou enfermeiros especialistas en enfermaría do traballo, este persoal contará como recurso sanitario, desde o terceiro ano de formación no caso dos médicos e segundo ano para enfermaría. Para estes efectos, cada dous residentes computarán como un médico especialista ou, de ser o caso, especialista en enfermaría segundo corresponda, sen prexuízo das garantías de autorización e supervisión dos residentes reguladas no Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.

7. Ao persoal que desenvolva a súa actividade no servizo sanitario do servizo de prevención seralle de aplicación a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

## Artigo 5. *Recursos materiais.*

1. A dotación de recursos materiais do servizo sanitario do servizo de prevención debe ser adecuada ás funcións que se realicen, polo que disporá dos equipamentos e materiais sanitarios necesarios, así como equipamentos e material de arquivo, para desenvolver adecuadamente as actividades sanitarias do servizo.

2. O servizo sanitario debe dispor de espazos para o acceso e recepción do usuario, a zona de atención (consultas e gabinetes), os apoios xerais do servizo e a zona de persoal, debendo garantir a dignidade e intimidade das persoas nunha área específica do servizo de prevención, sen menoscabo da necesaria coordinación interdisciplinar.

3. O servizo sanitario poderá establecerse en locais propios, alugados ou cedidos, que deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Dispor, no seu acceso, dunha placa identificativa que recolla os datos de autorización sanitaria.

b) Serán de uso exclusivo do servizo de prevención nas horas en que este dispoña deles.

c) Disporán de subministración eléctrica e de auga.

d) Garantirán as condicións de iluminación e ventilación.

e) Disporán de instalación contra incendios axustada á normativa.

f) Reunirán as condicións básicas recollidas no Real decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións, así como, de ser o caso, as normas de accesibilidade aprobadas no ámbito do Estado, autonómico ou local, en función de onde se sitúe.

g) Cumprir co establecido no Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se

establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

4. O servizo sanitario debe dispor de equipamentos e material adecuados, propios ou concertados, para realizar a vixilancia da saúde dos traballadores, en relación cos riscos derivados do traballo na empresa ou empresas atendidas e o número de traballadores. A dotación de equipamento mínimo ao respecto queda especificada no anexo III deste real decreto.

5. Debe disporse de equipamentos e material de arquivo cos sistemas de custodia que garantan a confidencialidade e seguridade no tratamento dos datos de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

6. O servizo de prevención deberá ter á disposición da autoridade sanitaria documentación referida aos acordos ou contratos que se manteñen con outros recursos sanitarios para garantir a atención en situacións de primeiros auxilios, evacuación e traslado de traballadores enfermos.

7. No caso de dispor de unidades móbiles complementarias para o desenvolvemento da actividade de vixilancia da saúde, previamente ao inicio da súa actividade, deberán dispor de autorización sanitaria de funcionamento, debendo comunicar o seu ámbito de actuación. Estes centros móbiles utilizaranse para dar apoio ás unidades básicas fixas do servizo de prevención. Contarán cos equipamentos e material sanitario suficiente que garantan a vixilancia e atención adecuadas dos traballadores, así como a súa seguridade, o respecto á súa intimidade e dignidade, e a confidencialidade dos seus datos, coas mesmas dotacións exixidas ás instalacións fixas. En todo caso, cumprirán coa normativa específica para centros móbiles de asistencia sanitaria vixente e serán plenamente accesibles ás persoas con discapacidade.

8. O titular do servizo de prevención debe garantir o mantemento das instalacións e equipamento, cos correspondentes contratos de mantemento actualizados e o rexistro das actividades que deles deriven.

#### Artigo 6. *Acordos de colaboración entre servizos de prevención alleos.*

Os servizos de prevención alleos poderán adoptar acordos de colaboración entre si para a prestación de actividades sanitarias cara ás empresas concertadas, co obxecto de dar cobertura efectiva a aquelas cuxos centros de traballo non se encontren, na súa totalidade, no ámbito territorial de actuación do servizo de prevención principal ou cando resulte conveniente por razóns de dispersión ou distancia dos devanditos centros de traballo respecto do lugar en que radiquen as instalacións principais do servizo de prevención principal. En ningún caso o custo das medidas derivadas dos acordos de colaboración recaerá sobre os traballadores afectados.

#### Artigo 7. *Límites dos acordos de colaboración entre servizos de prevención alleos.*

1. As actividades sanitarias do servizo de prevención principal cara aos servizos de prevención colaboradores non poderán superar, en ningún caso, o dez por cento do volume total de actividade anual daquel. Este límite fixarase sobre as ratios totais de recursos humanos de que deba dispor o servizo de prevención principal de acordo cos criterios establecidos no artigo 4.

2. O servizo de prevención colaborador deberá manter en todo momento as ratios de recursos humanos de acordo co sinalado no artigo 4 para cubrir con suficiencia non só as actividades sanitarias asumidas coas empresas coas cales subscribíse concerto de servizo de prevención alleo, senón tamén aquelas que lle encomendasen outros servizos de prevención mediante acordos de colaboración.

#### Artigo 8. *Desenvolvemento dos acordos de colaboración entre servizos de prevención alleos.*

1. A subscrición de acordos de colaboración entre servizos de prevención alleos aterase ás condicións e requisitos seguintes:

- a) Que a empresa afectada coñeza e acepte con carácter previo o contido do acordo de colaboración e que sexan consultados ao respecto os delegados de prevención.
- b) A actividade encomendada mediante a colaboración deberá axustarse aos mesmos criterios que siga o servizo de prevención alleo principal en canto á realización por el mesmo das distintas actividades sanitarias.
- c) Non se poderá encomendar mediante acordo de colaboración a elaboración do programa de vixilancia sanitaria específica nin a vixilancia da saúde colectiva.
- d) Para garantir a adecuada atención dos traballadores do centro de traballo afectado, no caso de que se inclúa no ámbito da colaboración a realización de exames de saúde, deberase recoller a obriga de participación no desenvolvemento do programa de vixilancia sanitaria específica, seguindo as directrices do servizo de prevención principal.
- e) O servizo de prevención colaborador deberá desenvolver sempre co seu propio persoal e medios a actividade encomendada polo principal, polo que non poderá, en ningún caso, subcontratala ou encomendala, pola súa vez, a outro servizo de prevención alleo.

2. Tanto o servizo de prevención principal como o colaborador deberán comunicar á autoridade laboral que os acreditou, no prazo dos dez días seguintes á súa efectividade, os acordos de colaboración que se subscriban. A autoridade laboral remitirá copia dos devanditos acordos á autoridade sanitaria competente.

3. As actividades sanitarias afectadas pola colaboración deberán constar de forma separada na memoria anual do servizo de prevención principal e tamén na do colaborador.

#### Artigo 9. *Subcontratación de actividades por parte dos servizos de prevención propios.*

1. Cando un servizo de prevención propio teña asumida a especialidade de medicina do traballo, poderanse subcontratar actividades sanitarias específicas que requiran coñecementos especiais ou instalacións de gran complexidade, tales como determinadas técnicas diagnósticas especializadas complementarias,

2. Cando por motivos de dispersión xeográfica ou distancia dalgún dos centros de traballo da empresa resulte necesario, poderanse subcontratar cun servizo de prevención acreditado outras actividades do servizo sanitario do servizo de prevención, exceptuando a elaboración do programa de vixilancia sanitaria específica e a vixilancia da saúde colectiva, que son actividades sanitarias básicas e non se poden subcontratar. No caso de incluír os exames de saúde deberase incluír a obriga de participación no desenvolvemento do programa de vixilancia sanitaria específica, seguindo as directrices do servizo de prevención principal.

3. Os delegados de prevención deberán ser consultados respecto ao disposto nos puntos anteriores.

4. As actividades sanitarias subcontratadas deberán ser notificadas á autoridade sanitaria, no prazo dos dez días seguintes á súa efectividade.

5. Nos supostos a que se refire este artigo, o servizo de prevención alleo deberá manter en todo momento as ratios de recursos humanos de acordo co sinalado no artigo 4 para cubrir con suficiencia, non só as actividades sanitarias asumidas coas empresas coas cales subscribíse concerto de servizo de prevención alleo, senón tamén aquelas que lle subcontratasen os servizos de prevención propios. Así mesmo, o servizo de prevención alleo deberá comunicar á autoridade laboral que o acreditou, no prazo de dez días, os datos das subcontratacións que poidan afectar as súas ratios de recursos humanos.

6. As actividades subcontratadas referidas no número anterior non poderán en ningún caso ser subcontratadas pola súa vez, e deberán axustarse aos mesmos criterios que siga o servizo de prevención propio en canto á realización polo devandito servizo das distintas actividades sanitarias.

#### Artigo 10. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. O disposto nos artigos 6 a 9 deste real decreto respecto á comunicación de datos de carácter persoal a un terceiro realizarase de conformidade co artigo 11.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Cando se trate de datos de carácter persoal relativos á saúde, o cumprimento dos acordos de colaboración entre servizos de prevención alleos e a subcontratación de actividades por parte dos servizos de prevención propios, realizarase segundo o disposto no artigo 7.3 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, conforme o cal os datos de carácter persoal que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual só poderán ser solicitados, tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou o afectado consinta expresamente.

Artigo 11. *Seguimento, control e calidade das actuacións.*

1. A autoridade sanitaria poderá verificar, coa periodicidade e os procedementos de inspección e control que considere oportunos, o mantemento das condicións e cumprimento dos requisitos que permitiron a concesión da correspondente autorización administrativa.

2. A autoridade sanitaria avaliará a actividade sanitaria que desenvolven os servizos de prevención, comprobando a súa calidade, suficiencia e adecuación.

3. A avaliación deberá ter en conta as funcións e obxectivos fixados para estes servizos. Deberá facerse referencia tanto á súa estrutura e procesos coma aos produtos e aos resultados obtidos, en forma de indicadores de utilización dos recursos, de calidade da actividade e en termos de mellora das condicións de traballo e da saúde dos traballadores.

4. O servizo de prevención, co obxecto de mellorar a calidade das actividades sanitarias que presta, deberá velar pola mellora periódica da capacitación profesional do seu persoal sanitario fomentando a súa formación continuada.

5. O Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, en coordinación coas comunidades autónomas, oídas as sociedades científicas e os axentes sociais, elaborará e manterá actualizada unha guía básica e xeral de orientación das actividades de vixilancia da saúde para a prevención de riscos laborais, que incluírá os criterios de boa práctica profesional de calidade da actividade sanitaria en prevención de riscos laborais, así como guías e protocolos de vixilancia específica da saúde dos traballadores.

Disposición adicional única. *Redución das cotizacións por continxencias profesionais.*

A incorporación e o mantemento nos servizos de prevención propios de médicos especialistas en medicina do traballo ou médicos de empresa e/ou de enfermeiros diplomados en enfermaría de empresa ou con título oficial de especialista en enfermaría do traballo, en número superior ao mínimo fixado no anexo I, considerárase como incremento do equipo dos recursos preventivos propios, para os efectos previstos no artigo 2.1.g).1.<sup>a</sup> do Real decreto 404/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que contribúsen especialmente á diminución e prevención da sinistralidade laboral.

Disposición transitoria primeira. *Prazo de adaptación ao previsto no presente real decreto.*

Aqueles entidades especializadas acreditadas como servizos de prevención alleos así como aqueles servizos de prevención propios dotados da especialidade de medicina do traballo con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto, deberán contar coas instalacións e os recursos humanos e materiais establecidos nos artigos 4 e 5 no prazo de seis meses, contados desde a devandita data.

Disposición transitoria segunda. *Criterios de flexibilización temporais en materia de recursos humanos.*

Ata o 31 de decembro de 2014, naquelas comunidades autónomas en que non se poidan alcanzar as ratios básicas establecidas no artigo 4, a autoridade sanitaria autonómica poderá habilitar criterios de flexibilización en materia de recursos humanos que permitan garantir a calidade da actividade sanitaria dos servizos de prevención sempre que a especialidade de medicina e enfermaría do traballo estea incluída no Catálogo de ocupacións de difícil cobertura publicado polo Ministerio de Traballo e Inmigración como postos de difícil cobertura.



Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral e do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias sobre bases e coordinación xeral da sanidade.

A disposición adicional única dítase en virtude do artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítanse as persoas titulares dos ministerios de Sanidade, Política Social e Igualdade e de Traballo e Inmigración para que, de forma conxunta, diten as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, o cal deberá realizarse mediante real decreto no caso de que afecte a criterios básicos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

## ANEXO I

**Dotación por rangos dos recursos humanos dos servizos sanitarios dos servizos de prevención a partir da primeira unidade básica sanitaria-UBS**

Ata 2.000 traballadores . . . . .	1 UBS.
De 2.001 a 3.500 traballadores . . . . .	48 minutos/traballador/ano.
De 3.501 a 5.000 traballadores . . . . .	45 minutos/traballador/ano.
De 5.001 a 10.000 traballadores . . . . .	40 minutos/traballador/ano.
De 10.001 a 20.000 traballadores . . . . .	38 minutos/traballador/ano.
De 20.001 a 30.000 traballadores . . . . .	36 minutos/traballador/ano.
Máis de 30.001 traballadores . . . . .	34 minutos/traballador/ano.

## ANEXO II

**Táboa de corrección de horas/traballador/ano dedicadas á vixilancia colectiva da saúde segundo o número de empresas atendidas polo servizo de prevención**

De 21 a 50 empresas . . . . .	Incremento do 5%.
De 51 a 100 empresas . . . . .	Incremento do 10%.
De 101 a 150 empresas . . . . .	Incremento do 15%.
De 151 a 200 empresas . . . . .	Incremento do 20%.
De 201 a 250 empresas . . . . .	Incremento do 25%.

## ANEXO III

**Equipamento sanitario básico do servizo sanitario nas instalacións fixas do servizo de prevención**

a) Audiómetro e cabina audiométrica homologados en todos os servizos de prevención alleos. No caso dos servizos de prevención propios, unicamente no caso de que nas empresas a que dan servizo haxa exposición a ruído.

- b) Padiola de exploración.
- c) Contedores de residuos sanitarios, segundo normativa aplicable.
- d) Electrocardiógrafo.
- e) Equipo de radiodiagnóstico: propio ou concertado.
- f) Equipo para control de visión homologado.
- g) Esfigmomanómetro.
- h) Espirómetro ou pneumotacógrafo homologados.
- i) Fonendoscopia.
- j) Laboratorio: propio ou concertado.
- k) Lanterna ou fonte de luz externa.
- l) Martelo de reflexos.
- m) Medicación, material e equipamento abondo para atender urxencias e primeiros auxilios.
- n) Negatoscopio.
- o) Neveira con termómetro de máximas e mínimas.
- p) Oftalmoscopio.
- q) Otoscopio.
- r) Peso clínico.
- s) Rinoscopio.
- t) Talle.